

BANDO INFORMATIVO

SOLICITUDE DE AXUDAS Á CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL POR REDUCIÓN DA XORNADA LABORAL DE TRABALLO COMO MEDIDA DE FOMENTO DA CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDAD

MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA, alcalde do Concello de Oroso

INFORMA que a Secretaria Xeral de Igualdade convoca as axudas á conciliación da vida familiar e laboral por redución da xornada laboral de traballo como medida de fomento da conciliación e corresponsabilidade.

PERSOAS BENEFICIARIAS: As persoas físicas, que no período comprendido entre o 1 de xullo do 2019 e o 30 de xuño do 2020, ambos inclusivos, se acollan á medida de redución de xornada para o coidado dunha filla ou fillo menor de 3 anos, ou menor de 12 no caso de ter recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33% e que reúnan os seguintes requisitos:

- a) No caso de unidades familiares non monoparentais, poderán ser beneficiarios os homes que se acollan á redución de xornada e no caso de unidades familiares monoparentais, poderá ser beneficiaria a persoa, home ou muller, que se acolla á redución de xornada e sexa traballadora por conta allea, tanto da empresa privada como das administracións públicas.
- b) Estar empadroadas en calquera concello da Comunidade Autónoma galega, como mínimo, desde o 1 de xaneiro de 2019 e manter esta condición durante todo o período subvencionable.
- c) Convivir coa filla ou o fillo durante o período subvencionable. Nos casos nos que exista un acordo de custodia compartida, computarase o tempo de convivencia e o cálculo do período obxecto da subvención en proporción, segundo os termos do citado acordo.
- d) Os ingresos da unidade familiar non poderán ser superiores a 7 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) para o ano 2019.

ACCÍONS SUBVENCIONABLES: A redución de xornada terá que ser de polo menos o 12,5 % da xornada ou porcentaxe equivalente para o caso de que a xornada sexa a tempo parcial. Para ter dereito á axuda deberá manterse a situación de redución de xornada durante un mínimo de 60 días naturais ininterrompidos.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E PRAZO: As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> ata o 13 de xullo.

Oroso, 16 de xuño de 2020

O alcalde

Manuel Mirás Franqueira

